



# MISA CON NENOS

## Ordinario 10-B

### 10 de xuño de 2018



Evanxeo de San MARCOS 3, 20-35:  
“¿Quen é miña nai e meu irmáns?”.

Mensaxe: Somos da FAMILIA de Xesús.  
A súa Palabra crea FRATERNIDADE e vence o MAL.

## 1. ACOGIDA

Benvidos, Irmáns e irmás: rematamos hai 3 semanas o tempo de Pascua e despois celebramos as festas da Trindade e do Corpus. Hoxe comezamos xa os domingos do tempo ordinario nos que non celebramos ningunha festa en especial senón que é domingo, día no que nos reunimos os cristiáns. Para Xesús, igual que para nós, a familia é o máis importante. E el veu a formar unha familia á que se pertence non por vínculos de sangue senón porque non elixe pertencer a ela e acepta vivir como viviu Xesús: cumprindo a vontade do Pai.

(Cartel de Fano: Somos a familia de Xesús).

**No nome... -O Señor que nos invita a formar parte da familia da Igrexa, sexa convosco.**

## 2. PETICIÓNS DE PERDÓN

*Nun momento de silencio, poñámonos ante Deus e recoñezamos os nosos pecados.*

- Ti que nos perdoas e non levas contas do mal que facemos. Señor, ten piedade de nós.
- Ti que es fonte de perdón e de misericordia. Cristo, ten piedade de nós.
- Ti que escoitas a súplica dun corazón arrependido. Señor, ten piedade de nós.

## 3. PETICIÓNS

Presentamos as nosas súplicas dicindo:

**-Que sexamos da túa familia, Señor.**

1. Pola Igrexa para que sexa unha familia unida polo amor como Xesús quere. **Oremos.**
2. Por todas as familias para que crezan no respecto, o perdón e a axuda. **Oremos.**
3. Pola familia do mundo para que chegue a todos a paz e a solidariedade. **Oremos.**
4. Por todos nós para que valoremos a Palabra de Deus. **Oremos.**
5. Pola nosa comunidade parroquial para que cumpramos a Palabra de Deus. **Oremos.**
6. Polos que o pasan mal, polos enfermos, polos xa falecidos. **Oremos.**
7. Polos que fan neste tempo a primeira comunión ou a confirmación. **Oremos.**



**Señor, que sexamos da túa familia, dos teus, dos que seguimos a túa Palabra e a intentamos vivir.**

## 4. OFRENDAS ou COMUÑÓN

Os nenos colócanse todos xuntos diante do altar e un deles ou todos xuntos fan a promesa de non separarse nunca de Xesús e así formar parte da súa gran familia:

*“Xesús, nós queremos formar parte da túa gran familia. Queremos ser de verdade irmáns teus e querernos coma Ti queres. Por iso estamos todos aquí xunto á túa Palabra e xunto ao teu altar, para ofrecerche a nosa promesa de permanecer unidos a Ti, noso irmán maior”.*

## 5. VIDEOS 10º ORDINARIO-B

-Mc. 3, 20-25, evanxeo película: <https://www.youtube.com/watch?v=Lc2FacJ7aJo>  
Reflexión, “no más profundo”: <https://www.youtube.com/watch?v=czN8qNL6pYk>